

**Xogos de sortes 1:** Son recitados cun ritmo ben marcado que serven para designar o/a neno/a que panda ou que libra no xogo que se vai desenvolver a continuación.

<p><b>1-Tris, tras,</b> cabaleiro, fóra estás.</p>	<p><b>2-Lata, lata,</b> á redonda; ó que lle toque, que se esconda.</p>	<p><b>3-Brasa, brasa,</b> cada un para a súa casa...</p>	<p><b>4-Pelo, “ghato”</b> vinte, catro, un, dous, tres, catro.</p>	<p><b>5-Un, dous,</b> tres, Sancho, Perico e Andrés.</p>
<p><b>6-Un, dous,</b> tres, catro. Sae ti, que vén o gato.</p>	<p><b>7- Nun caixón hai</b> catro ghatos, un, dous, tres e catro.</p>	<p><b>8- Nun café rífase</b> un ghatos, a quen lle toque o número catro, un, dous, tres, catro.</p>	<p><b>9-Que entre, que</b> entre, a filla do rei, que saia, que saia, a do coronel</p>	<p><b>10-Catro patas</b> ten un gato: unha, dúas tres e catro.</p>
<p><b>11-* O-re-lli-ñas</b>  *Chir-los-mirl-os  * 1,2,3,4,5,6</p>	<p><b>12-Unha mazá</b> podrida, unha, dúas, tres, saída, unha mazá sandada, un, dous, tres, sandada.</p>	<p><b>13-Debaixo dunha</b> pedra, hai unha cobra branca, que se move e se asoma, para botar a quen salta.</p>	<p><b>14-Ría, ría,</b> chabarría, trae tres trapos na barriga, un canta, outro pía e outro toca a sinfonía.</p>	<p><b>15-Barrabís,</b> barrabás, ti quedas e ti te vas.</p>
<p><b>16-O meu pai</b> ten un caixón cheo de puntas; dime neno/a cantas son. Unha, dúas, tres...</p>	<p><b>17-Chirlosmirlos,</b> vaite de aí que esta nena bonita non é para ti.</p>	<p><b>18- Gato, gato</b> Maragato, dime a verdade se non te mato; un, dous, tres e catro.</p>	<p><b>19-Taco, taco,</b> número catro, un, dous, tres, catro mil novecentos oitenta e catro.</p>	<p><b>20-Pavís, pavós,</b> a filla do rei casada con vós, herba “pra” vós, escollede vós.</p>

**Xogos de sortes 2:** Son recitados cun ritmo ben marcado que serven para designar o/a neno/a que panda ou que libra no xogo que se vai desenvolver a continuación.

<p><b>21-</b>Gato, gato Maragato, dime a verdade se non te mato; un, dous, tres e catro.</p>	<p><b>22-</b>Un ghatto caeu nun pozo, as tripas fixeron gua; a remollo pitipollo, a remollo pitipá, sentadiño ti estás.</p>	<p><b>23-</b> Doce meses ten o ano, catro fases ten a lúa, dime ti cantas pedriñas ten o chan da túa rúa.</p>	<p><b>24-</b>Dedín, dedín, dixo Roquín. Cando o rei pasou por aquí todas as aves convidou menos unha que quedou.</p>	<p><b>25-</b> Unha doni, teni coteni, faceni, chinchín, carroupín, carroupés, conta ben que son dez, 1,2,3,4 ... 10</p>
<p><b>26-</b>Papel de estraza, cada un para a súa casa; papel de cartón, cada un para o seu caixón.</p>	<p><b>27-</b>Chouca, mouca, vaite deitar ás portas de teu primo, que alí te irán buscar. “Tu” por “tu”, que te salvas es “tu”.</p>	<p><b>28-</b>Sortelliña, pequeniña, a de ouro e a de prata onde o rei repartía a nata, no horto de María Inés, corre “tu”, que che toca a vez</p>	<p><b>29-</b>Galiña pintada que andas pola casa de pau en pau. Valor, fedor. Toca, viola. Vai ti para fóra.</p>	<p><b>30-</b>Don Emilio de Celanova tiña un gato e durmíalle fóra; colleu un pau e deulle na cola; salta Marica, salta para fóra.</p>
<p><b>31</b> – Sangre callado, de primeira división, vou ó cemiterio a facer a dixestión; eu vivo nun castelo e durmo nun sartego, r rodeado de esqueletos, de monstros e morcegos.</p>	<p><b>32-</b>Don Xulián foi á misa; veu un can e comeulle a camisa. Marcha can, que non é pan, que é camisa de Don Xulián</p>	<p><b>33-</b>Unha, dola, tela candola chinchín carrampín carrampés conta ben que van dez.</p>	<p><b>34-</b>Espeto furruxente saíu da porta do vento, a min me cheirou, a min me apestou, o bufo do cu de quen o botou</p>	
<p><b>35-</b> Pinto, pinto, gagarabinto, teño unha vaca de vinte e cinco. Teño un boi que sabe arar, tamén sabe trompicar, dar a volta ben redonda, esa nena que se esconda.</p>	<p><b>36-</b> Unha dole, trele, quitrole, quile, quilete, estaba a raíña no seu gabinete, chegou don Xil e apagou o candil. Candil, candilón, conta as vinte que as vinte son.</p>			
<p><b>37</b> – É co cipi-pi e co zape-pe zapateiro, bate, bate. É co cipi-pi e co zape-pe, a min sábeme a chocolate. É co cipi-pi e co zape-pe, a nosa historia chega ó remate. É co cipi-pi e co zape-pe</p>	<p><b>ALTURAS PARA SALTAR Á GOMA:</b>          1º- Nos nocellos          2º- Na barriga das pernas          3º- Nas cachas          4º- Nas illargas          5º- Nos sobrazos          6º- Pescozo</p>			